



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Corrección de erros das bases de selección dunha (1) praza de profesor/a CMUS especialidade linguaxe musical (OEP 2024)

Corrección de Erros. Bases para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de Profesor/a CMUS na especialidade de Linguaxe Musical (OEP 2024)

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERROS. BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL LABORAL FIXO A TEMPO PARCIAL, EN QUENDA LIBRE, DUNHA (1) PRAZA DE PROFESOR/A CMUS NA ESPECIALIDADE DE LINGUAXE MUSICAL (GRUPO II, EQUIVALENTE A A2), INCLUÍDA NA OEP 2024 DO CONCELLO DE CARBALLO.

EXPEDIENTE 2025/E001/000021 - PROFESOR/A CMUS LINGUAXE MUSICAL. PLF-TP

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Decreto da Alcaldía núm. 3430/2025, do 14 de novembro, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de Profesor/a CMUS na especialidade de Linguaxe Musical (Grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo.

Publicouse anuncio da aprobación das Bases Xerais e Bases Específicas e convocatoria dunha (1) praza de Profesor/a CMUS na especialidade de Linguaxe Musical, incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 225 do 24/11/2025.

Segundo.- Detectouse un erro material na Base Quinta (Requisitos das Persoas Aspirantes), referido a Titulación de acceso requirida, das ditas Bases Xerais e Bases Específicas.

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: «As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.»

En consecuencia procede rectificar o citado erro material.

Por Decreto da Alcaldía núm. 3856/2025, do 12 de decembro, **RESOLVEUSE:**

«**Primeiro.-** Rectificar o erro material detectado na Base Quinta (Requisitos das Persoas Aspirantes), referido a Titulación de acceso requirida, das Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de Profesor/a CMUS na especialidade de Linguaxe Musical (Grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo, aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 3430/2025, do 14 de novembro.

A tales efectos,

Onde di:

(f) Titulación.

Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente, na especialidade de Linguaxe Musical.

Título superior de música establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente, na especialidade de Linguaxe Musical.

Título de profesor de música, graos superior ou medio, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade de Linguaxe Musical.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

Debe dicir:

(f) Titulación.

Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe Musical.

Título superior de música establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe Musical.

Título de profesor de música, graos superior ou medio, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe Musical.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

Segundo.- Publicar a Corrección de Erros no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).»

En Carballo, 15 de decembro de 2025

O alcalde

José Daniel Pérez López

2025/8395